



XIII ROTEIRO BTT TERRA DAS MARIÑAS

O C.C.Cambre- Renault Caeiro, contando coa colaboración do Concello de Cambre e coa autorización da Real Federación Española de Ciclismo e da Federación Galega de Ciclismo, organiza o **XIII Roteiro BTT Terra das Mariñas**, marcha cicloturista que se celebrará o domingo 8 de Outubro de 2017, ás 9:00 horas, con saída e chegada no Campo da Feira de Cambre.

O **XIII Roteiro BTT Terra das Mariñas** é unha Marcha Ciclodeportiva regulada no artigo nº 9 do “Reglamento de Cicloturismo- Ciclismo para Todos” da RFEC, dentro do marco dunha especialidade ciclista que concibe este deporte coma un exercicio físico con fins de ocio, turísticos ou culturais, excluindo a competición. A proba estará sometida ás disposicións dos artigos 15 e seguintes do Anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Ley sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado por R.D. Legislativo 339/1990, de 2 de marzo.

REGULAMENTO XERAL

- 1. Tipo de Marcha.-** O **XIII Roteiro BTT Terra das Mariñas** non terá carácter competitivo. Os participantes considéranse en excursión persoal e polo tanto deberán respetar as normas de circulación vixentes, as indicacións dos axentes de Tráfico, do persoal de Protección Civil e dos membros da organización.
- 2. Condicionantes.-** Para participar é obrigatorio estar en posesión da **Licencia Federativa da Real Federación Española de Ciclismo (RFEC) para o ano 2017** ou subscribir o **Seguro 1 día** que só será válido mentres dure a proba e que se tramitará no mesmo momento de efectuar a inscrición. Estes serán os únicos documentos válidos para poder participar na marcha.
- 3. Responsabilidade.-** A organización non se fará responsable daqueles danos a terceiros que podan producir os participantes, derivados de conductas imprudentes alleas á organización, nin das sancións que lles podan corresponder por non respetar o código de circulación vixente.
- 4. Normativas particulares.-** Todo participante que non respete este regulamento, as normas de convivencia, tire lixo de calquera tipo no chan, circule sen levar o dorsal de xeito visible ou non acate as instrucións dos membros da organización durante a marcha, será expulsado dela de xeito inmediato e se fose necesario denunciado diante as autoridades competentes.

5. **Percorridos:** Haberá dúas posibilidades, con plena liberdade de elección.
- **Percorrido Curto de 35 qmts-** De dificultade técnica baixa e dureza media, apta para todos os públicos, incluíndo aqueles practicantes ocasionais que queiran disfrutar dunha mañán de BTT en contacto coa natureza. O percorrido será na súa meirande parte por camiños de terra, para que ninguén perda a oportunidade de disfrutar do Roteiro independentemente da súa preparación ou do seu nivel físico. Estará sinalizado o punto no que se poderá elixir (Qm 15 aprox) e haberá persoal da organización informando en todo momento.
 - **Percorrido Medio de 52 qmts-** De dificultade técnica media e dureza media-alta, gran parte do percorrido e o mesmo que o Roteiro curto con variantes máis esixentes para todo aquel que queira subir o Xalo e disfrutar de outro tipo de percorrido. O percorrido será na súa meirande parte por camiños de terra, sendeiros, subidas e baixadas para disfrutar dunha clásica como e o Roteiro Terra das Mariñas. Estarán sinalizados o puntos no que se poderá elixir e haberá persoal da organización informando en todo momento.
 - **Maraton de 71 qmts-** Baseada no percorrido estrela do Roteiro desde a súa creación, terá unha dificultade técnica media-alta e dureza alta, apta para todos os practicantes habituais de BTT que gusten de disfrutar dos camiños e corredeiras de terra, con tramos rápidos, tramos técnicos, subidas esixentes e momentos para relaxarse un anaco. Está deseñada para facerse entre 3,5 e 4,5 horas, segundo da preparación de cada un e a diversión está garantida durante todo o percorrido.
6. **Características.-** A marcha será libre na súa totalidade, aínda que a organización reservase o dereito de controlar ou neutralizar a mesma se circunstancias especiais o aconsellasen. Estará absolutamente prohibido adiantar ao vehículo cabeza da marcha. A existencia deste vehículo non supón necesariamente a paralización do tráfico nas estradas nin no cruce das mesmas.
7. **Controis e límites de paso.-** Para os participantes na Marcha longa haberá diferentes controis de paso estratéxicamente situados. A organización resérvase o dereito de desviar por percorridos alternativos máis sinxelos (atallos) a aqueles participantes que superen os tempos máximos de paso recomendables. Os participantes que non acaten estas normas, continuarán a marcha baixo a súa responsabilidade e consideraranse xa fora da mesma, polo que non terán dereito a avituallamentos nin asistencia a partires dese momento.
8. **Límite de idade.-** Só poderán participar maiores de 15 anos ou nados no ano 2.001. Os menores de 18 anos deberán presentar obrigatoriamente no momento da recollida de dorsais unha autorización firmada por seu pai, nai ou titor.
9. **Protección persoal individual.-** É obrigatorio o uso do casco regulamentario durante todo o percorrido.
10. **Estado físico.-** Os participantes son responsables de atoparse nun estado físico axeitado para afrontar algún dos dous percorridos ou alternativas establecidas.
11. **Sinalización.-** Todo o percorrido estará sinalizado. Antes da saída, informarase axeitadamente das características da sinalización e das precaucións

especiais que haxa que ter en conta en certos tramos. Prégase atención neste momento e moita precaución despois para que disfrutemos todos da marcha.

12. **Asistencia sanitaria.**-Estará a disposición de todos os participantes un servizo de primeiros auxilios se fose necesario, con ambulancia e médico. No caso de ser preciso e a criterio do médico, procederáse a trasladar ó accidentado a algún dos centros médicos concertados co seguro da proba. Os participantes que non dispoñan de licenza federativa quedarán cubertos por un seguro de accidentes con validez de un día, que subscribirán no momento de formalizar a inscrición.
13. **Asistencia mecánica.**- Haberá un servizo de **asistencia mecánica básica** gratuita (agás pezas e recambios) e tamén un coche de asistencia para transportar bicicletas e participantes con problemas. Os participantes son responsables de presentarse na saída coa bicicleta nun estado mecánico axeitado para circular con seguridade por todo o percorrido da marcha. É importante ter en conta que non é doado o acceso da asistencia a todos os puntos do percorrido, polo que os participantes deberían ir dotados de Kit básico de reparación, incluíndo inflador, cámara de repostos, parches, troncha, etc, e ademais saber utilizalos.
14. **Inscrición.**- Publicarase un documento anexo coas datas, prezos e instrucións detalladas para facer a inscrición.
15. **Límite.**- O límite de inscrición será de 500 participantes. Todos eles terán dereito a avituallamentos durante a marcha, duchas e lavado de bicicletas ao remate da mesma. **Os primeiros 200 inscritos** terán ademais dereito a un agasallo persoal, que non se garante para o resto dos inscritos. Tamén haberá un xantar ao remate da proba.
16. **Avituallamento.**- Haberá tres puntos que estarán distribuídos da seguinte forma:
 - 1 Avituallamento líquido situado no qm 25 do percorrido longo.
 - 1 Avituallamento líquido situado no qm 46 do percorrido longo.
 - 1 Avituallamento sólido e líquido situado no qm 39 do percorrido longo.
 - 1 Avituallamento sólido e líquido situado no qm 16 do percorrido curto.
 - 1 Avituallamento líquido situado no qm 64 do percorrido longo (qm 27 do percorrido curto).
17. **Xantar fin de marcha.**- Está previsto como máximo para as 14:30 horas. Con obxecto de facer coincidir dentro dunha marxe razoable de tempo a chegada de todos os participantes, a organización resérvase o dereito de desviar polos percorridos alternativos máis sinxelos a aqueles participantes que circulen sensiblemente rezagados, ben sexa pola súa condición física ou ben por mor de avarías ou problemas mecánicos que retrasen a súa marcha.
18. **Agasallos:**
 - Os tres clubs máis numerosos inscritos terán consideración especial en forma de premios para compartir, en compensación ao esforzo realizado para fomentar o espírito de grupo.

- Habará sorteo de diversos productos doados polos distintos colaboradores. O sorteo farase semanalmente durante o período de inscrición e publicárase o nome dos agraciados que recollerán os premios antes da saída da marcha.
- 19. Dereitos de imaxe e LOPD.-** Os participantes autorizan ao organizador a utilizar a súa imaxe (fotos, vídeos, etc) obtida durante o día marcha e nos actos previos e posteriores, para a súa difusión con fins publicitarios ou comerciais, sen dereito pola súa parte a pedir compensación algunha. Os datos de carácter persoal dos participantes utilizaranse só para uso interno do CCCambre e non serán cedidos a terceiros, todo elo segundo da lexislación vixente.
- 20. O feito de inscribirse nesta marcha, leva implícita a aceptación da totalidade destas normas.**